

CEIP SAN MIGUEL DE REINANTE –  
BARREIROS

PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA  
MÚSICA  
EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2021-2022

María Reineró González

<b>1.- INDICE</b>		<b>Páxina</b>
<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>CONTEXTO</b>	<b>4-5</b>
	Características do centro e do alumnado.	
<b>3</b>	<b>METODOLOXÍA DIDÁCTICA</b>	<b>6-9</b>
	Aspectos xerais	
	Principios metodolóxicos na materia de Música	
	Organización do tempo e do espazo	
<b>4</b>	<b>AVALIACIÓN</b>	<b>10-17</b>
	Procedementos e Instrumentos de Avaliación	
	Avaliación Inicial	
	Avaliación continua	
	Mínimos esixibles	
	Criterios de cualificación	
	Criterios de promoción	
	Reforzo do alumnado repetidor	
<b>5</b>	<b>OUTRAS AVALIACIÓN</b>	<b>18-19</b>
	Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	
	Avaliación da programación didáctica	
<b>6</b>	<b>OUTROS ELEMENTOS QUE INCIDEN NA PROGRAMACIÓN</b>	<b>20-21</b>
	Elementos transversais	
	Plan Lector	
	Plan TIC	
<b>7</b>	<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>22</b>
	Medidas ordinarias: Organizativas e curriculares	
<b>8</b>	<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>24</b>
<b>9</b>	<b>ANEXOS</b>	<b>25</b>

## 1.- INTRODUCCIÓN

Para o deseño e elaboración da presente PD tivéronse especialmente en conta as medidas do **Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022.** ([http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/2021\\_07\\_06\\_protocolo\\_21\\_22.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/2021_07_06_protocolo_21_22.pdf))

Este curso 2021-2022, ao igual que o pasado curso 2019-2020, continúa atopándose afectado pola excepcional situación producida pola COVID-19, polo que resulta imprescindible establecer adaptacións tanto na organización do currículo como na metodoloxía didáctica da presente PD.

Un dos aspectos da PD que se ve afectado polo protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 é o emprego de instrumentos musicais de vento, en concreto da frauta doce, ante a imposibilidade de respectar os 3 metros de distancia interpersonal. Polo tanto os contidos referidos ao uso e aprendizaxe da frauta doce quedarán condicionados aos posibles cambios nos protocolos sanitario e educativo. Suplirase o uso da frauta na aula de música coa aprendizaxe e manexo de instrumentos de láminas escolares.

Durante este curso a Programación será especialmente flexible e se irá adaptando ás distintas circunstancias. No caso de suspensión da actividade lectiva, no “Plan de Continxencia” do Centro se contemplan as medidas para facer efectivo o ensino a distancia. No caso da materia de Música utilizaranse os cursos creados para tal efecto na Aula Virtual do Centro. (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmiguelreinante/aulavirtual>) e en Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria o blog de música (<http://mariamaestramusica.blogspot.com/>). Ademais manteranse os cursos creados no EVA E-Dixgal para 5º e 6º de Primaria. O contacto coas familias levarase a cabo principalmente por ABALAR.

## 2.- CONTEXTO

### Características do centro:

#### Situación

O CEIP San Miguel de Reinante (Barreiros) atópase situado na localidade do mesmo nome, no barrio coñecido por "O Souto". Está situado nunha finca preto á estrada provincial que leva de San Miguel de Reinante a Remourelle, a uns cen metros da Estrada Nacional 634 (Santander – A Coruña).

A finca é de forma irregular, cerrada por unha parede de mediana altura. Nesta finca atópanse as seguintes edificacións: dous edificios destinados a colexios (coñecidos como "Colexio novo" e "Colexio vello"), o comedor e cociña, o pavillón polideportivo e un bloque de antigas vivendas para mestres, actualmente en proceso de rehabilitación.

#### Centros adscritos

O Departamento de Orientación do CEIP San Miguel de Reinante inclúe o CEIP Celso Currás de Trabada e o CEIP de San Cosme de Barreiros.

#### Ensinanzas que oferta o centro

O centro é un C.E.I.P no cal se ofertan as ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria.

#### Características singulares

Neste centro escolarízase alumnado de San Miguel de Reinante, Benquerencia, Reinante, Vilamar, Cabarcos, San Xusto, Vilamartín Grande, Vilamartín Pequeno e Insua. O transporte escolar realiza tres rutas e todo o alumnado transportado utiliza o comedor escolar.

O nivel sociocultural das familias é medio ou medio-baixo.

Os oficios dominantes son: agricultores, gandeiros, traballadores da construción, do transporte, empregados,... En menor medida hai profesionais con estudos universitarios.

A oferta cultural do Concello de Barreiros é escasa, non hai cines, teatros ou salas de exposicións dependentes deste, aínda que existen distintas iniciativas levadas a cabo por organizacións culturais como son Ollomao ou O Arco da Vella.

Funciona en San Cosme a Biblioteca Municipal, que organiza diferentes concursos e actividades ao longo do ano. O Concello organiza tamén as Escolas Deportivas, permitindo aos nenos/as practicar diferentes deportes.

## **Características do alumnado:**

### **Lingua materna dominante**

A poboación é eminentemente rural. O alumnado procede maioritariamente dun medio familiar galego falante. O caso de alumnado castelán-falante é de pouca incidencia.

### **Alumnado no curso actual**

No curso 2021-2022 atópanse matriculados no centro un total de 118 alumnos e alumnas.

Curso	Alumnado matriculado
4º EI	13
5º EI	18
6º EI	12
1º EP	13
2º EP	15
3º EP	5
4º EP	9
5º EP	15
6º EP	18

### 3.- METODOLOXÍA

#### Aspectos xerais:

- 1) Sempre se procurará partir dos coñecementos previos do alumnado, así como do seu contexto próximo, organizando os contidos ao redor de núcleos temáticos significativos.
- 2) Se terá en conta o nivel evolutivo, cognitivo e emocional do alumnado e se respectarán os diversos ritmos e estilos de aprendizaxe.
- 3) Deseñaranse tarefas de aprendizaxe integradas e proxectos que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- 4) A acción docente promoverá que o alumnado sexa capaz de aplicar as aprendizaxes nunha diversidade de contextos, fomentando a reflexión sobre estas aprendizaxes.
- 5) Polas características especiais da materia de Música, utilizarase o xogo como base para a expresión musical.
- 6) Procurarase integrar ao alumnado nas actividades dunha forma activa, participativa e positiva, reforzando a motivación intrínseca que supón esta materia.
- 7) A actividade da aula basearase no traballo en equipo e o traballo cooperativo, con puntuais actividades individuais.
- 8) Propiciarase a improvisación e a creatividade como medio para desenvolver a autoestima do alumnado.
- 9) O espazo organizarase en condicións básicas de accesibilidade e non discriminación, necesarias para garantir a participación de todo o alumnado nas actividades da aula e do centro.
- 10) Seleccionaranse materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles tanto no que se refire ao contido como ao soporte. O emprego das TIC será habitual no traballo de aula.

## **Principios metodolóxicos na materia de Música:**

A materia de música favorece o desenvolvemento dunha gran variedade de actividades e esta P. D. Intenta centrarse na actividade, seguindo a premisa de que as cousas ensínanse facéndoa, especialmente nos primeiros cursos da Educación Primaria. O docente é o referente para o alumnado, polo que debe ser o primeiro que cante, baile, toque, etc., cunha actitude activa e co papel de guía e dinamizador da actividade.

A partir desta metodoloxía activa se contribúe á adquisición das competencias clave do alumnado. O labor da docencia é de orientador e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, para o que se formularán algunhas tarefas ou situacións que o alumnado deba resolver. Neste modelo de aprendizaxe o alumnado debe ser o protagonista, tanto no proceso como no produto final.

Procurarase partir sempre da práctica para chegar á teoría, facilitando a interiorización do aprendido neste proceso. Cando o alumno vivenciou certos aspectos musicais, e ten na memoria un número de exemplos significativos, pode realizar a abstracción que supón chegar aos aspectos máis teóricas da música.

Promoverase un ambiente de intercambio, colaboración e interacción na aula como modelo de aprendizaxe. Xeralmente o alumnado soe ser espontáneo e participa de xeito activo expresando as súas ideas e opinións, actitudes que se estimularán e valorarán. Pero en ocasións non teñen totalmente adquiridas certas ferramentas de autocontrol, polo que se traballarán as normas de participación (falar por quendas, respectar as opinións dos outros, non interromper aos demais, etc.) para que continúen desenvolvendo a súa capacidade reflexiva.

Procurarase dar unha atención personalizada, tendo en conta as diferentes capacidades individuais e a dimensión afectiva de cada membro do grupo, pero entendendo tamén as lóxicas limitacións do contexto da aula e do horario, unha sesión semanal.

A natureza da materia fai que a creatividade teña un papel moi importante, que se fomenta mediante a inclusión de actividades que estimulen o pensamento. Tamén se aproveitan a imaxinación e a fantasía infantís que ten o alumnado especialmente nos primeiros cursos, empregándoas como ferramentas a través de xogos, as tecnoloxías e co uso de personaxes mediadoras como peluches ou monicreques.

Na materia de música trabállase especialmente a socialización, xa que pola natureza das súas actividades (práctica vocal, instrumental, de movemento e baile, etc.) se potencian as relacións de grupo e o traballo en equipo, favorecendo o emprego de ferramentas para a resolución de conflitos e de participación construtiva no grupo. Procúrase que os agrupamentos sexan variados e equilibrados, tendo en conta as características do alumnado,

a súa seguridade e as súas capacidades. Dende esta materia tamén se facilita o contacto do alumnado co exterior a través de concertos, saídas didácticas, visitas e outras representacións. Deste xeito procúrase propiciar situacións que potencien a motivación que sente o alumnado de forma natural ante o fenómeno musical.

Para conseguir unha aprendizaxe significativa partimos da globalización, tomando como base os coñecementos previos do alumnado para desenvolver os contidos de forma estruturada e coherente. As novas aprendizaxes dependen do aprendido anteriormente e xa interiorizado, tendo en conta que cada nova aprendizaxe aumenta a súa capacidade de aprender. Partimos sempre das aprendizaxes adquiridas nos cursos anteriores e promóvense actividades nas que o alumnado teña que recordar eses contidos, especialmente os de tipo práctico. Deste xeito, o alumnado que teña algunha carencia sempre ten a oportunidade de tratar de adquirir os contidos dos cursos anteriores, especialmente os relacionados coa linguaxe musical. A globalización facilita que a programación teña un enfoque interdisciplinar, aproveitando a conexión cos contidos das outras áreas do currículo.

### **Organización do tempo e do espazo:**

As sesións teñen unha duración de 45-50 minutos que, debido ao tempo que se emprega nos traslados á aula na que se imparte a Educación musical, poden verse lixeiramente reducidas.

No que respecta á organización do espazo, inténtase optimizar a distribución da aula para un mellor aproveitamento. As cadeiras están dispostas en forma de U para que haxa un contacto visual directo entre todo o alumnado e favoreza as actividades de interpretación e creación, dispoñendo dun espazo no centro para as actividades de interpretación musical e de movemento e danza. Nalgunha situación puntual as sesións levaranse a cabo na aula habitual do grupo (imposibilidade de desprazamento entre os dous edificios por meteoroloxía adversa ou realización dalgunha tarefa que requira o uso de mesas, como o traballo cos ordenadores portátiles).

Na organización das sesións planifícanse certas actividades, especialmente no comezo e na fin da sesión, que teñen como obxectivo establecer no alumnado certa rutina en relación á orde, pero evitando a monotonía. Comézase habitualmente cunha canción, audición ou actividade de recoñecemento auditivo, co obxectivo de que o alumnado se sitúe completamente dentro da sesión de música, xa que en moitos casos funciona como elemento motivador. Despois realízanse as actividades planificadas para cada sesión, con actividades de desenvolvemento, repaso ou consolidación, segundo o caso, e para rematar as sesións sempre se reservarán os últimos minutos para a realización dalgunha actividade de



movemento. Estas actividades estarán deseñadas a modo de xogos e traballarán especialmente técnicas de movemento e locomoción, aspectos rítmicos, de recoñecemento auditivo, representación corporal de elementos musicais, improvisación de movementos, xogos motores, de relaxación ou coordinación, etc. Nas UD nas que se traballen bailes, danzas ou coreografías, o tempo de realización aumentará notablemente.

Nas ocasións en que o comportamento dalgún alumno/a durante a sesión non sexa axeitado ou favorable, xustificárase que se lle limite participar neste tipo de xogos que resultan especialmente motivadores. Deste xeito establécese un elemento para que o alumnado que presente un comportamento correcto se sinta premiado ou reforzado positivamente. Esta medida razónase co conxunto do alumnado, xustificándoa como unha ferramenta para modificar o comportamento e que non prexudique ao conxunto da clase.

Na maioría das actividades se traballa co grupo grande. No caso dos grupos pequenos se optará por grupos flexibles, de xeito que se modifique o agrupamento segundo o tipo de actividade, evitando que se limiten as agrupacións por amizade ou simpatía.

## 4.- AVALIACIÓN

### **Procedementos e Instrumentos de Avaliación**

Tanto os procedementos coma os instrumentos de avaliación serán ricos e variados, elixindo en cada momento o que mellor se axuste aos distintos tipos de contido a traballar, recollendo información dende distintos puntos de vista. A variedade de instrumentos de avaliación garanten a adaptación ás distintas capacidades do alumnado, buscando avaliacións de tipo cualitativo, tendo en conta as destrezas, habilidades e actitudes, e non unicamente cuantitativo, evitando centrarnos só nos coñecementos.

En xeral, e por mor da natureza tan diversa da materia de música, basearémonos na observación sistemática, diaria e directa como principal instrumento de avaliación. Os datos sobre comportamentos e condutas recolleranse nas fichas individuais de cada discente para a súa posterior análise e conclusións, polo que cómpre unha atención continuada e minuciosa e a elaboración dun instrumento de rexistro axeitado. Con esta técnica avaliaranse as actividades de movemento e as relacionadas co oído.

Revisaranse as fichas ou tarefas por escrito que se realicen en clase xa que ofrecen unha información interesante sobre a formación xeral do alumnado, a súa capacidade de expresión escrita, a realización dos exercicios, o vocabulario empregado, etc.

No caso das actividades de movemento e danza, ademais da observación directa, realizaranse en ocasións puntuais algunhas gravacións en vídeo, xa que posibilita unha posterior visualización dun xeito máis detido.

Nas sesións en grupo valoraranse os comentarios e reflexións sobre os traballos realizados. Tamén se realizan gravacións en audio ou vídeo das actividades relacionadas coa interpretación e a composición musical, así como na práctica instrumental tanto individual como de conxunto, de xeito que o propio alumnado teña a oportunidade de analizar e valorar as interpretacións e autoavaliarse a si mesmo co desenvolvemento da autoaceptación que supón. Para o uso didáctico das imaxes dos alumnos cóntase coa correspondente autorización asinada polas familias.

Realizarase algún exercicio e pequena proba, tanto oral como escrita, para consolidar os contidos traballados, especialmente os coñecementos. Estas probas buscan tamén dignificar a materia de música evitando que os alumnos entendan que a non existencia dunha proba de este tipo poida significar a non existencia de coñecementos, o que derivaría nunha consideración negativa cara á materia. Tendo en conta o curso, estas probas serán breves, de xeito que se limite á primeira metade da sesión na que se realice.

Tanto os instrumentos como os criterios de avaliación deben ser coñecidos por todos os integrantes do proceso educativo, polo que se fará partícipes aos alumnos desta información, cunha explicación sinxela e adaptada á súa idade do que deben ser capaces de realizar, ofrecendo así unha idea de transparencia e equidade na avaliación. Ademais engádese un compoñente motivacional que contribúe a mellorar a marcha das sesións e a orientar correctamente os seus esforzos.

Procedementos	INSTRUMENTOS
OBSERVACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LISTA DE COTEXO.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• ESCALAS DE VALORACIÓN (listado de rasgos nos que se gradúa o niveis de consecución (N (Nunca), AV (Ás veces), R (Regularmente) ,S (Sempre))</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• RÚBRICAS (graduación do nivel de desempeño ou logro alcanzado na consecución dunha tarefa/actividade. ou estándar/es)</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LISTAS DE CONTROL (conteñen unha serie de rasgos a observar, nos que se indica a súa presenza/ausencia nunha actividade ou tarefa)</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• REXISTRO ANECDÓTICO DIARIO (recollen comportamentos non previsibles de antemán. sobre información para avaliar carencias no produto final)</li> </ul>
PRODUCCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpretacións rítmico/melódicas</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Composicións. improvisacións. xogos motrices. bailes...</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos temáticos</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de linguaxe musical. lectura e escritura de partituras</li> </ul>
REVISIÓN / ANÁLISE TRABALLOS / TAREFAS	-Análise das fichas de clase
	-Análise doutros soportes (traballos, cuestionarios, foros na Aula Virtual e E-Dixgal...)
	-Deseño e realización de pequenos proxectos e traballos temáticos.
PROBAS ESPECÍFICAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Probas / controis escritos: exames. fichas de repaso ou ampliación...</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Probas orais: entonación, exercicios de imitación (rítmico-melódicos), exposicións orais de traballos, etc.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpretación vocal</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpretación en instrumentos Orff.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de movemento, bailes, danzas, etc.</li> </ul>

### **Avaliación Inicial:**

Realízase unha avaliación diagnóstica ao inicio do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, as súas necesidades de atención educativa e o deseño de actividades que faciliten as aprendizaxes de cada alumno:

a) Análise dos coñecementos previos do alumnado mediante a observación directa e a realización de probas orais e escritas, de xeito que se poida rexistrar a situación de partida do alumnado (nivel de desenvolvemento, coñecementos previos, posibles carencias, etc.).

b) Análise dos informes individualizados elaborados no curso 2020/2021 para detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Esta avaliación inicial consistirá en probas tanto escritas como orais, dinámicas de xogo, conversas informais, etc. A información obtida desta avaliación inicial rexistrárase nas fichas individuais de cada discente. As actividades consistirán principalmente nun repaso de cancións que aprenderon durante o curso anterior, o recoñecemento dalgúns instrumentos e sons, un repaso do vocabulario musical básico e a escritura dos elementos musicais do curso anterior.

### **Avaliación Continua:**

A avaliación continua lévase a cabo durante todo o curso, facendo un seguimento do alumnado empregando diferentes técnicas, principalmente a observación sistemática e a toma de anotacións individuais, para coñecer en cada momento a situación na que se atopa o alumnado e proporcionarlle a axuda pedagóxica necesaria.

Realízase unha avaliación sumativa ao finalizar o curso que consistirá en valorar se se alcanzaron os obxectivos propostos e o seu grao de profundidade.

### **Mínimos esixibles**

Por unanimidade, a proposta da CCP, o claustro deste colexio decidiu o seguinte sobre os mínimos esixibles ao alumnado.

a) Os estándares de aprendizaxe e os contidos nos que se apoia o profesorado para ir conseguindo tanto as competencias coma os obxectivos de área, están fixados polo Decreto 105/2014, por tanto, son prescriptivos (serán os que o alumnado teña que aprender, e o profesorado, indirectamente, ensinar).

b) Segundo o punto anterior desta programación, pode apreciarse o distinto peso que vai ter cada estándar ao longo da avaliación continua do alumnado. Ese peso/valor, está marcando aqueles estándares que podemos chamar indispensables, ao redor dos cales debe xirar a actividade do ensino-aprendizaxe.

c) O profesorado ao longo do curso, e a través dos distintos instrumentos de avaliación, rexistra o grao de consecución deses estándares. Estándares que como sabemos, poden aportar unha porcentaxe distinta as distintas competencias claves.

d) Dese xeito, o alumnado, que a través dos criterios de cualificación aprobados consegue unha cualificación media de aprobado (5) nunha materia, implica que superou de xeito positivo os contidos e estándares de aprendizaxe, polo que acada esa cualificación positiva para a área en concreto.

Os mínimos esixibles para cada curso na materia de Música son os seguintes:

### **1º Educación Primaria**

- Discrimina o son e o silencio.
- Distingue algunhas calidades do son (forte-suave / agudo-grave / longo-curto).
- Participa na interpretación dunha canción ao unísono.
- Identifica visual e auditivamente instrumentos musicais de percusión da aula e aprende o seu uso correcto.
- Discrimina visual e auditivamente algúns instrumentos da orquestra.
- Participa acompañando audicións con instrumentos de percusión escolar.
- Participa activamente nos bailes, xogos e actividades de movemento.
- Interioriza o pulso.
- Identifica liñas e espazos no pentagrama.
- Manexa os grafismos da clave de sol, branca, negra, e silencio de negra.

### **2º Educación Primaria**

- Representa o son e o silencio a través do movemento corporal e empregando instrumentos.
- Distingue as calidades do son e utiliza correctamente os termos *forte-piano*.
- Identifica auditivamente a velocidade da música.
- Participa na interpretación dunha canción ao unísono.
- Identifica visual e auditivamente instrumentos musicais de percusión da aula e aprende o seu uso correcto.
- Discrimina visual e auditivamente algúns instrumentos da orquestra.
- Interpreta ritmos con instrumentos de percusión escolar con diferentes intensidades e velocidades.
- Participa activamente e con ritmo nos bailes, xogos e actividades de movemento.
- Segue as diferentes partes dunha peza musical a través dun musicograma.
- Interioriza o pulso e o acento.
- Crea ritmos utilizando as figuracións e silencios que coñece.
- Escoita con atención fragmentos musicais breves.
- Identifica visualmente e manexa os grafismos da clave de sol, branca, negra, grupo de dúas corcheas e silencio de negra.

### **3º Educación Primaria**

- Distingue e representa graficamente as calidades do son.
- Le, interpreta e memoriza pezas instrumentais e vogais sinxelas ao unísono.
- Discrimina visual e auditivamente os principais instrumentos da orquestra e clasifícaos por familias atendendo á súa forma de execución.
- Participa acompañando audicións con instrumentos de percusión escolar.
- Identifica distintas agrupacións vocais e instrumentais.
- Identifica os instrumentos tradicionais da música galega.
- Participa activamente e con ritmo nos bailes, xogos e actividades de movemento.
- Emprega a linguaxe musical para crear ritmos e manexa as súas correspondentes grafías.
- escoita con atención fragmentos musicais breves e coñece o nome dalgún compositor e obra importante.
- Traballa en grupo respectando as ideas e esforzo dos compañeiros.
- Toma conciencia e respecta a utilización adecuada dos instrumentos.
- Identifica visualmente e manexa os grafismos da clave de sol, redonda, branca, negra, grupo de dúas corcheas e os silencio correspondentes.

### **4º Educación Primaria**

- Recoñece as calidades do son e sabe identificalas auditivamente.
- Identifica auditivamente velocidades e cambios de tempo e interpreta cancións a diferentes velocidades.
- Le, interpreta e memoriza pezas instrumentais e vogais sinxelas ao unísono.
- Discrimina visual e auditivamente os principais instrumentos da orquestra e clasifícaos por familias atendendo á súa forma de execución.
- Acompaña pezas musicais con instrumentos de láminas e percusión escolar.
- Identifica distintas agrupacións vocais e instrumentais así como os instrumentos tradicionais da música galega.
- Coñece e valora instrumentos de diferentes partes do mundo.
- Participa activamente e con ritmo nos bailes, xogos e actividades de movemento.
- Le correctamente partituras rítmicas convencionais.
- Identifica os compases de 2 e 3 tempos e comprende o concepto de acento.
- Segue as distintas partes dunha peza musical a través dun musicograma.
- escoita con atención fragmentos musicais breves e coñece o nome dalgún compositor e obra importante.
- Traballa en grupo respectando as ideas e esforzo dos compañeiros.
- Identifica visual e auditivamente e manexa os grafismos de redonda, branca, negra, grupo de dúas corcheas e os silencio correspondentes.

### **5º Educación Primaria**

- Recoñece as calidades do son e sabe identificalas auditivamente.
- Identifica diferentes intensidades, recoñece os principais matices de intensidade e interpreta reguladores.
- Le, interpreta e memoriza pezas instrumentais e vogais sinxelas ao unísono.
- Discrimina visual e auditivamente os principais instrumentos da orquestra e clasifícaos por familias atendendo á súa forma de execución.
- Acompaña pezas musicais con instrumentos de láminas e percusión escolar.
- Identifica distintas agrupacións vocais e instrumentais así como os instrumentos tradicionais da música galega.
- Coñece e valora instrumentos de diferentes partes do mundo.
- Participa activamente e con ritmo nos bailes, xogos e actividades de movemento.
- Le correctamente partituras rítmicas convencionais.
- Improvisa e interpreta secuencias rítmicas utilizando a linguaxe musical que coñece.
- Identifica os compases de 2, 3 e 4 tempos e comprende o concepto de acento.
- Recoñece e segue as distintas partes dunha peza musical a través dun musicograma.
- Escoita con atención fragmentos musicais breves e coñece o nome dalgún compositor e obra importante.
- Traballa en grupo respectando as ideas e esforzo dos compañeiros.
- Identifica visual e auditivamente e manexa os grafismos de redonda, branca, negra, grupo de dúas corcheas e os silencio correspondentes.

### **6º Educación Primaria**

- Recoñece as calidades do son e sabe identificalas auditivamente.
- Identifica diferentes intensidades, recoñece os principais matices de intensidade e interpreta reguladores.
- Le, interpreta e memoriza pezas instrumentais e vogais sinxelas ao unísono.
- Discrimina visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e da música tradicional galega, así como as distintas agrupacións vocais e instrumentais.
- Acompaña pezas musicais con instrumentos de láminas e percusión escolar.
- Coñece e valora instrumentos de diferentes partes do mundo.
- Participa activamente e con ritmo nos bailes, xogos e actividades de movemento.
- Le correctamente partituras rítmicas convencionais.
- Improvisa e interpreta secuencias rítmico-melódicas utilizando a linguaxe musical que coñece.
- Recoñece auditivamente as distintas partes dunha peza musical a represéntaas nun musicograma.
- Identifica os compases de 2, 3 e 4 tempos e comprende o concepto de acento.
- Escoita con atención fragmentos musicais breves e coñece o nome dos compositores e obras traballadas durante o curso.
- Traballa en grupo respectando as ideas e esforzo dos compañeiros.

## Crterios de cualificaci3n

### a) De 3rea ou de materia.

Con estes criterios tr3tase de avaliar as distintas aprendizaxes do alumnado, incluíndo as m3is curriculares e tam3n aquelas que teñen que ver cos h3bitos de convivencia, estudo, traballo, dado que o que fin da nosa tarefa 3 a “educaci3n”, non s3 unha instrucci3n espec3fica.

	INSTRUMENTOS AVALIACI3N	%
CONTIDOS / EST3NDARES DE APRENDIZAXE	Observaci3n sistem3tica do alumno no traballo diario Probas escritas / orais (por unidade / trimestre) R3bricas das dimensi3ns das competencias e alg3ns est3ndares.	70%
H3BITOS DE TRABALLO: O TRABALLO DE CLASE (revisi3n dos cadernos / fichas): -Realizaci3n axeitada ou non / revisi3n -Presentaci3n dos cadernos / portfolio -Remate das tarefas, actividades e exercicios.	Caderno alumnado e fichas individuais  Rexistro actividades  R3bricas	20%
ACTITUDES NA CLASE e H3BITOS DE CONVIVENCIA: -Participaci3n -Escoita / presta atenci3n -Esforzo / interese -Colaboraci3n /cooperaci3n -Autonom3a para a correcci3n	Rexistros anecd3ticos de observaci3n, do esforzo, participaci3n, atenci3n ...	10%

Os resultados da avaliaci3n, seguindo estes criterios, expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificaci3ns negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificaci3ns positivas. A estes termos achegar3selles unha cualificaci3n num3rica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4

Suficiente: 5

Ben: 6

Notable: 7 ou 8

Sobresaliente: 9 ou 10

A nota media das cualificaci3ns num3ricas obtidas en cada unha das 3reas ser3 a media aritm3tica das cualificaci3ns de todas elas, redondeando 3 cent3sima m3is pr3xima e, en caso de equidistancia, 3 superior.



## **b) Do grao de adquisición das competencias**

Para cualificar a aprendizaxe competencial, terase en conta, a adquisición dos estándares de aprendizaxe relacionados coa competencia, e aportados polas distintas materias, así coma a valoración cualitativa dos aprendizaxes relacionados coas dimensións da competencia lingüística e matemática (tendo en conta as dimensións marcadas na Orde ECD/65/2015 de 21 de xaneiro).

Para coñecer ese aprendizaxe competencia empregaremos ás rúbricas como instrumento de avaliación, xa que nos dará o nivel de dominio ou logro. Esta calificación faise en termos cualitativos, segundo o nivel de dominio ou consecución. Os termos para expresar ese grao de adquisición son:

- a) Nivel baixo/Pouco (Insuficiente)
- b) Nivel aceptable (Suficiente)
- c) Nivel bo (Ben/Notable baixo)
- d) Nivel alto/Excelente (Notable alto/Sobresaliente)

### **Crterios de promoción**

- O alumnado promocionará de curso cando se den os seguintes casos:
  - Ter acadado os obxectivos e competencias clave
  - Ter alcanzado o grao de adquisición da competencia Lingüística ou Matemática.
- O alumnado non promocionará de curso cando:
  - Non ter alcanzado o grao de adquisición das competencias Lingüística e Matemática e tecnolóxica.

### **Reforzo do alumnado repetidor**

Este plan de reforzo, está especificado no PE do centro, a partir do seguinte :

A finalidade dese Plan é a de atender ás características e dificultades de cada alumno/a e a necesidade dun ensino personalizado, que teña en conta as peculiaridades de cada alumno/a e así integralos no sistema educativo, evitando as desigualdades que poidan derivarse de factores sociais, económicos, xeográficos, étnicos, etc.

Para iso, debemos partir dos seguintes principios:

- Non todos os alumnos/as aprenden coa mesma facilidade.
- Non todos os alumnos/as están igualmente motivados para aprender.
- Non todos os alumnos/as aprenden da mesma forma.
- Non todos os alumnos/as teñen as mesmas posibilidades nin o mesmo entorno para aprender.

## 5.- OTRAS AVALIACIÓNS

### Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
<b>Proceso de ensino:</b>				
1.- Adecuáronse os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ás características e necesidades do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
13.- Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?				
<b>Práctica docente:</b>	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,...?				
17.- Cal é o grao de coordinación cos mestres/as do nivel?				

## Avaliación da programación didáctica

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o nivel?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
18.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
19.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
20.- Definíronse plans específicos de reforzo ou recuperación e apoio para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso?				
21.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
22.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
23.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
24.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 12º, 6 do D.105/14)				
25.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
26.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
27.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

## 6.- OUTROS ELEMENTOS QUE INCIDEN NA PROGRAMACIÓN

### **Elementos transversais**

De acordo co artigo 11 do Decreto 105/2014, en todas as áreas curriculares trataranse os elementos transversais do currículo. Dende a materia de música trabállanse todos estes elementos, con especial protagonismo da expresión oral, a comunicación audiovisual e o tratamento das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

A expresión oral trabállase na maioría de actividades nas que o alumnado ten que expor a súa opinión ou explicar algo. Potenciarase o uso do vocabulario específico aprendido na materia e a formulación correcta e completa das frases, procurando que as expresións sexan ricas e variadas.

A comunicación audiovisual está presente na maioría de actividades xa que se usarán de forma habitual diversas ferramentas audiovisuais. O tratamento da información audiovisual na vida cotiá precisa o desenvolvemento da capacidade de pensamento crítico que axude a filtrar os nosos encontros cos produtos audiovisuais.

Partindo da base de que a educación que ofertamos hoxe en día ten que ser útil no mundo en que o alumnado se desenvolva, tanto no presente como nun mañá, esta P.D. procura ter presentes os aspectos relacionados coa Competencia Dixital. Tendo en conta que a sala onde se leva a cabo a docencia da Educación musical posúe un proxector e un encerado dixital, intentarase utilizalo habitualmente para diversificar as actividades e os materiais empregados na aula: proxección de vídeos e actuacións musicais, fragmentos de películas, páxinas web de interese, actividades online e en formato flash, etc., traballando especialmente a comunicación audiovisual. Tamén nos serve de soporte en explicacións ou para seguir as partituras ou guiños das diferentes interpretacións.

Na práctica habitual da música atopamos o uso e o tratamento do son e a música mediante o ordenador, así como o tratamento da información mediada polas TIC. Nas Unidades Didácticas fórmulanse actividades de gravación e edición de audio, procuras guiadas de información por Internet, visitas a páxinas web e gravacións en vídeo.

Desde esta P.D. procúrase realizar unha aproximación dos alumnos ás TIC e á música de forma atractiva, adecuada as súas capacidades, sempre a través da acción e buscando a ampliación das súas capacidades dende o máis básico ao máis complexo, co claro obxectivo de lograr unha aprendizaxe verdadeiramente significativa.

A educación cívica e constitucional trabállase dende os contidos da materia relacionados coa práctica instrumental, vocal e de movemento. Se fomentará a igualdade entre homes e mulleres, así como a non-discriminación e a igualdade de trato (reparto igualitario de instrumentos e tarefas, bailes por parellas intercambiando os papeis, etc.).

Tamén se traballará a prevención e resolución pacífica de conflitos, incidindo no respecto polos outros e a tolerancia. Procuraremos por en valor os comportamentos positivos do alumnado e realizar agrupamentos variados incidindo na cohesión do grupo dende a diversidade individual entendida como un enriquecemento do grupo. O coñecemento de outras culturas favorece a valoración do patrimonio cultural.

### **Plan Lector**

O centro conta cun Plan Lector (que inclúe un plan de fomento da lectura) cun programa de Biblioteca co que tamén se pretende animar á lectura e fomentar o hábito lector. O seu desenvolvemento baséase fundamentalmente nas seguintes actividades:

- Apertura da biblioteca escolar durante os recreos para lectura, estudo, consulta de información e préstamos de libros (coas adaptacións necesarias pola COVID-19).
- Desenvolvemento de proxectos lectores nas aulas, co fomento e a práctica da lectura diaria, xa sexa a través do período de 30 minutos establecido como obrigatorio pola Consellaría de Educación fundamentalmente utilizando a biblioteca de aula (incluído no horario de todos os cursos de 12:00 a 12:30), ou ben a través da lectura polo alumnado de libros propostos ou recomendados polos equipos docentes, e de acordo co plan de traballo que se estableza ao efecto.
- Desenvolvemento de diversas actividades adaptadas a tódolos niveis organizadas dende a biblioteca e levadas a cabo polos diferentes titores.

### **Plan TIC**

Establece o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. As formas de utilización das TIC na aula son, aproximadamente as que se detallan a continuación:

- Exposición do profesor apoiada nas TIC. Emprégase o ordenador como fonte complementaria de información. Tamén se fai uso de vídeos educativos seleccionando os máis adaptados dos que ofrece Internet.
- Iniciación á informática. Preténdese transmitir os coñecementos básicos necesarios para poder utilizar as TIC.
  - Apertura e peche de aplicacións.
  - Creación dun documento novo.
  - Acceso á información contida nun CD.
  - Acceso a páxinas web.
  - Utilización dun buscador.
  - Acceso e traballo na Aula Virtual.

## 7.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### **Medidas ordinarias: Organizativas e curriculares**

Na nosa aula atopamos unha gran variedade de xeitos de pensar e comportarse, o que nos obriga a ofrecer estratexias educativas e respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado e do seu momento no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

